

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME SOBRE AS CONTAS RENDIDAS  
NO ANO 2015 CORRESPONDENTES AO  
EXERCICIO 2014**



## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA.....</b>	<b>6</b>
<b>III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES .....</b>	<b>6</b>
III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA .....	7
III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	8
III.3. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS .....	10
III.4. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO .....	11
III.5. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS.....	12
III.6. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	13
<b>IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES .....</b>	<b>15</b>
<b>V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES .....</b>	<b>16</b>
V.1. CÁMARAS DE COMERCIO .....	16
V.2. CONFRARÍAS DE PESCADORES.....	16
V.3. OUTRAS ENTIDADES .....	18
<b>VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS .....</b>	<b>18</b>

**Informe sobre as contas rendidas no ano 2015 correspondentes ao exercicio 2014**

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Relación de organismos autónomos .....	7
Cadro 2. Relación de axencias públicas autonómicas .....	9
Cadro 3. Relación de entidades públicas empresariais .....	10
Cadro 4. Relación de consorcios autonómicos .....	11
Cadro 5. Relación de sociedades mercantís públicas .....	12
Cadro 6. Relación de fundacións públicas.....	14
Cadro 7. Relación de universidades e entes dependentes.....	15
Cadro 8. Relación de cámaras.....	16
Cadro 9. Relación de confrarías.....	16



## I. INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga ao Consello de Contas de Galicia as competencias para a fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma. Esta competencia implica a obriga das entidades que compoñen o referido sector público a render as súas contas a esta institución.

No artigo 53.2 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, dispónse a creación do Consello de Contas de Galicia, remitindo a unha lei de Galicia garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma, que deberá someterse á aprobación do Parlamento.

Este informe ten por obxecto a análise da rendición das contas anuais do exercicio 2014 ao Consello de Contas por parte das seguintes entidades sometidas a esta obriga:

1. O Parlamento de Galicia.
2. A Administración xeral e os seus entes dependentes:
  - a) Entidades públicas instrumentais:
    - Organismos autónomos e entidades de consulta ou asesoramento
    - Axencias públicas autonómicas
    - Entidades públicas empresariais
    - Consorcios autonómicos
  - b) Outras entidades instrumentais:
    - Sociedades mercantís públicas autonómicas
    - Fundacións
3. As universidades públicas
4. As cámaras de comercio, confrarías de pescadores e outras de natureza equivalente.

Tamén están sometidos á obriga de rendición anual de contas os entes que integran o sector público local, aínda que quedan fóra do ámbito deste informe xa que a análise do cumprimento da obriga de render contas inclúese no informe anual sobre o devandito sector.

## II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA

As contas xerais do Parlamento e do Valedor do Pobo do exercicio 2014 foron remitidas ao Consello de Contas o 22 de xaneiro de 2016 despois da súa aprobación pola Mesa do Parlamento.

## III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES

A Administración autonómica formará anualmente a Conta Xeral da Comunidade que abarcará a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola Administración e os seus entes dependentes.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, modifica o apartado 1 do artigo 121 deste último, que queda redactado como segue:

*«1. A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de cada ano remitirase, previo acordo do Consello da Xunta de Galicia, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas, antes do 30 de setembro do ano seguinte ao que se refire.»*

A Intervención Xeral rendeu en prazo a Conta Xeral do exercicio 2014, que ademais da información relativa á Administración xeral da Comunidade Autónoma inclúe as contas dos seguintes entes dependentes:

a) Entidades públicas instrumentais:

1. Organismos autónomos e entidades de consulta ou asesoramento
2. Axencias públicas autonómicas
3. Entidades públicas empresariais
4. Consorcios autonómicos

b) Outras entidades instrumentais:

1. Sociedades mercantís públicas autonómicas
2. Fundacións

A maior parte destas entidades renderon as súas contas integradas na Conta Xeral por conduto da Intervención Xeral aínda que subsisten, con carácter residual, algunhas entidades que renden as súas contas de maneira directa e individual ao Consello de Contas.



A continuación analízase a rendición de contas das entidades dependentes, agrupadas en función da súa forma xurídica.

### III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA

Son entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regula polo dereito administrativo e que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

As súas contas axústanse ás disposicións do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

Como entidades equiparables aos organismos autónomos na súa organización e funcionamento sitúanse as entidades públicas de consulta ou asesoramento. Segundo a disposición adicional sexta da LOFAXGA terán esta consideración aquelas entidades ás que se lles atribúa expresamente por lei independencia funcional ou especial autonomía respecto da Xunta de Galicia. Rexeranse pola súa normativa específica nos aspectos precisos para garantir esa autonomía e polas disposicións relativas aos organismos autónomos nos demais extremos.

A pesar de que non se aprobou lei posterior á LOFAXGA que recoñeza expresamente ese carácter existen dous organismos que encaixan nesta categoría: Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais.

No seguinte cadro amósase a relación de organismos autónomos e o seu estado de rendición:

**Cadro1. Relación de organismos autónomos**

ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA				
Organismo	Datos da rendición			
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Academia Galega de Seguridade Pública	SI			
Consello Galego da Competencia	SI			
Escola Galega Administración Pública	SI			
Fondo Galego de Garantía Agraria	SI			
Instituto Galego de Consumo	SI			
Instituto Galego de Estatística	SI			
Instituto Galego Vivenda e Solo	SI			
Instituto de Estudos do Territorio	SI			
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	SI			
Servizo Galego de Saúde.	SI			
Consello Económico e Social de Galicia	SI			
Consello Galego de Relacións Laborais	SI			

Cómpre efectuar as seguintes observacións en relación a información contida no cadro anterior:

- a. O Servizo Galego de Saúde e a Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia (AGASP), non achegan os estados financeiros previstos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG), limitándose a formular a liquidación dos seus orzamentos.
- b. Con carácter xeral a Memoria dos organismos autónomos non se axusta á estrutura prevista no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e non inclúe todos os estados previstos nese documento contable sendo, con carácter xeral, a información rendida insuficiente.
- c. A Escola Galega de Administración Pública aprobou as súas contas o 14 de xullo de 2015, é dicir, antes da finalización do prazo de remisión de contas por parte da Intervención Xeral. As contas da EGAP foron achegadas ao Consello de Contas durante o prazo de alegacións ao informe económico-financieiro da entidades instrumentais aducindo un erro material como explicación da non rendición en prazo.

### **III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS**

As axencias son entidades instrumentais de dereito público, personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión que son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia provocou un forte pulo no desenvolvemento das axencias, coa previsión de transformación de diversos entes en Axencias e a creación de novos organismos baixo esta tipoloxía xurídica.

No cadro seguinte relaciónanse as axencias públicas autonómicas e o estado de rendición das súas contas anuais correspondentes ao exercicio 2014.

**Cadro 2. Relación de axencias públicas autonómicas**

AXENCIAS PÚBLICAS				
Axencia	Datos da rendición			
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Axencia de Turismo de Galicia	SI			
Axencia Galega das Industrias Culturais	SI			
Axencia Galega de Innovación	SI			
Axencia Galega de Infraestruturas	SI			
Axencia Tributaria de Galicia	SI			
Axencia Galega de Servizos Sociais				
Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia	SI			
Instituto Galego de Promoción Económica.	SI			
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e	SI			
Instituto Enerxético de Galicia	SI			
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	SI			
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño	SI			
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	SI			
Axencia Galega de Emerxencias	SI			
Ax. Xest. Integrada, Calidade e Avaliac. Formac. Profesional				

Cómpre efectuar as seguintes observacións en relación a información contida no cadro anterior:

- A Axencia Galega de Servizos Sociais créase polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, se ben a súa posta en funcionamento e inicio de actividade establécese o 1 de xaneiro de 2015 polo que non rendeu contas correspondentes a 2014 ao carecer de actividade ese ano.
- A pesar de que a LOFAXGA establece a obrigatoriedade de presentar indicadores de xestión para as Axencias Públicas; ese mandato é incumprido con carácter xeral por estas entidades.
- Decreto 102/2015, do 9 de xullo, acorda a extinción da Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional. No devandito Decreto indícase de forma expresa que así mesmo, e a pesar de que no momento da creación da Axencia, a Lei 3/2002, do 29 de abril, prevía a dotación con medios persoais, materiais e orzamentarios para o cumprimento das súas funcións, a dita previsión legal de dotación de medios non se fixo efectiva, e non figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións orzamentarias para a Axencia nin conta con persoal adscrito, nin conta con medios persoais nin materiais adscritos.

### III.3. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

Este apartado abrangue aqueles entes de dereito público con personalidade xurídica propia que son creados por Lei e que realizan actividades tanto administrativas como prestacionais. Dentro desta categoría podemos incluír tres entidades. En primeiro lugar, Augas de Galicia que sendo un organismo autónomo administrativo transformouse en entidade pública empresarial. En segundo lugar, a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) formula a conversión da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Portos de Galicia, que eran entes públicos, en entidades públicas empresariais.

É necesario poñer de manifesto que a información rendida por estes entes non é homoxénea en canto ao plan aplicado e a estrutura e modelo seguidos. Así, mentres a CRTVG adapta a súa contabilidade á normativa privada, Portos de Galicia aplica o Plan Xeral de Contabilidade pública de Galicia.

**Cadro 3. Relación de entidades públicas empresariais**

ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS				
Entidade	Datos da rendición			
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Compañía Radio Televisión de Galicia	SI			
Portos de Galicia (PG)	SI			
Augas de Galicia				

### III.4. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Ata a aprobación da LOFAXGA, practicamente era inexistente a regulación autonómica sobre os consorcios. A LOFAXGA supón a incorporación ao ordenamento xurídico dunha regulación máis detallada. Segundo esta norma, teñen tal consideración aqueles consorcios en que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais, achega maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou nos que se comprometeu, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dunha das súas entidades instrumentais.

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas por parte dos consorcios autonómicos<sup>1</sup>:

**Cadro 4 :Relación de consorcios autonómicos**

CONSORCIOS				
Consortio	Datos da rendición			
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	SI			
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	SI			
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	SI			
Consortio Casco Vello de Vigo	SI			
Consortio Oncolóxico de Galicia				
Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental Galicia	SI			
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)	SI			
Consortio Audiovisual de Galicia <sup>2</sup>				

<sup>1</sup> Non se inclúen na relación os consorcios con participación da Xunta pero que estén adscritos á Administración do Estado ou a unha entidade local.

<sup>2</sup> En virtude do Decreto 71/2016, do 26 de maio, apróbanse os actos liquidatorios e procédese á disolución definitiva do Consortio Audiovisual de Galicia. Porén, as contas das entidades deben ser formadas e remitidas ata a súa completa extinción polo que as correspondentes a 2014 deberían ter sido rendidas.

### III.5. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS

Segundo a LOFAXGA son sociedades mercantís públicas autonómicas aquelas nas que no seu capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais regulada pola lei. Ademais adáptanse ao mesmo réxime xurídico aquelas sociedades mercantís nas que a Comunidade dispoña da maioría dos dereitos de voto ou teña dereito a nomear a maioría dos membros dos órganos de goberno.

No seguinte cadro móstrase a relación de sociedades públicas que renden as súas contas integradas na Conta Xeral e as que non renden contas.

**Cadro 5 :Relación de sociedades mercantís públicas**

SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS				
Sociedade	Datos da rendición			
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A.(SODECOGA)				
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA)	SI			
Estación Inverno de Manzaneda, S.A.				
GALARIA Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	SI			
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	SI			
S. Galioil, S.A.				
S. Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A. (TURGALICIA), en liquidación				
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	SI			
Sociedade Galega Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA)	SI			
Sociedade Galicia Calidade , S.A.	SI			
Sociedade Pública de Investimentos Galicia, S.A.	SI			
Sociedade Redes Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	SI			
SODIGA GALICIA, Sociedade de Capital-Risco	SI			
Sotavento Galicia, S.A.				
Televisión de Galicia, S.A.	SI			
Xenética Fontao, S.A.	SI			
Xesgalicia, Xestión Entidades de Capital Risco, S.A. (SGEGRSA)	SI			
Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.	SI			
Xestión Centro Supercomputación de Galicia, S.A. (CESGA)	SI			

Cómpre efectuar as seguintes observacións en relación a información contida no cadro anterior:

- a. Turgalicia, Sodecoga e Galioil atópanse en proceso de disolución aínda que as contas deberían ser achegadas ata a súa completa extinción.
- b. Non renden as súas contas Sotavento Galicia, S.A. nin a Estación de Inverno de Manzaneda, S.A. Nestas sociedades a participación da Comunidade é inferior ao 50%. En calquera caso, son empresas con maioría pública conxunta, é dicir, onde un conxunto de administracións controlan a xestión e, por tanto, deben ser consideradas sociedades públicas. Nestas dúas sociedades a Xunta de Galicia é o accionista principal polo que debería render as contas destas entidades e sometelas ao seu control.
- c. Non renden contas os Fondos de Capital Risco xestionados por Xesgalicia. As contas anuais dos devanditos fondos están dispoñibles na páxina web de Xesgalicia, sen que este extremo substitúa a obriga de rendición.

### **III.6. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS**

Segundo a LOFAXGA son fundacións do sector público autonómico aquelas nas que conorra algunha das circunstancias seguintes: a) sexan constituídas por achegas maioritarias da Comunidade ou das súas entidades dependentes; b) o seu patrimonio fundacional con carácter de permanencia estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos achegados ou cedidos pola Administración xeral ou as súas entidades dependentes ou c) sexan financiadas maioritariamente con cargo aos orzamentos da Comunidade sempre que, neste caso, esta controle os órganos de goberno. As fundacións para o desenvolvemento das comarcas extinguíronse durante o exercicio 2012.

## Informe sobre as contas rendidas no ano 2015 correspondentes ao exercicio 2014

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas por parte das fundacións públicas autonómicas:

**Cadro 6 Relación de fundacións públicas**

FUNDACIÓNS				
Fundación	Datos da rendición			
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
F. Ctro. Transfusión Galicia	SI			
F. Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE)	NON			
F. Inst. Galego Oftalmoloxía	SI			
F. Pca. Cidade da Cultura de Galicia	SI			
F. Pca. Urgencias Sanitarias Galicia 061	SI			
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	SI			
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	SI			
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	SI			
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	SI			
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	SI			
Fundación Deporte Galego	SI			
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	SI			
Fundación Galega da Formación para o Traballo	SI			
Fundación Galicia Europa	SI			
Fundación Pública Galega de Medicamento Xenómica	SI			
Fundación Pública Galega Para a Tutela de Persoas Adultas	SI			
Fundación Semana Verde de Galicia	SI			
Instituto Feiral de Vigo	NON			
Fundación Pública. Escola Galega Administración Sanitaria (FEGAS)	SI			
Fundación Rof Codina				
Instituto Feiral da Coruña (IFECO)				
Fundación Galicia - América				
Fundación Galicia Saúde				
Vigo Convention Bureau				
Aquae Querenneae - Vía Nova				
Fundación Sotavento Galicia				
Fundación Dieta Atlántica				
F. Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte Portugal				
Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo				
F. Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia				
Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña				
F. Pública Galega Camilo José Cela				



## IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.5 a obrigaón de rendición das contas das universidades ante o órgano fiscalizador das contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas.

Para dar cumprimento a esta obrigaón as universidades da Coruña, Santiago e Vigo presentaron en prazo as súas contas.

As universidades galegas forman as súas contas anuais en base aos principios contables e normas de valoración e clasificación establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Con todo a Universidade da Coruña só achega o estado da liquidación do orzamento, sen render os restantes estados que conforman as contas anuais. Pola súa banda as memorias formuladas polas universidades de Santiago e Vigo, non recollen todos os aspectos esixidos polo PXCPG ou non inclúen toda a información necesaria que permita dar cumprimento ao labor da memoria como estado que amplía, completa e comenta información contida nos demais estados que forman as contas anuais.

Ademais das universidades e de acordo co artigo 84 da Lei 6/2001 orgánica de universidades, os entes dependentes destas quedan sometidos á mesma obrigaón de rendición das súas contas. A estes efectos serán entes dependentes das universidades aqueles nos que teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente.

No seguinte cadro relacionase o estado de rendición das Universidades e as súas entidades dependentes:

**Cadro 7 :Relación de universidades e entes dependentes**

Universidades e entes dependentes	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Universidade de Santiago de Compostela			
Universidade de A Coruña			
Universidade de Vigo			
Sociedade Cursos Internacionais Univ. Santiago de Compostela, S.A.			
Sociedade Cidade Universitaria, S.A.			
Sociedade Cidade Tecnolóxica de Vigo			
Sociedade Xestora de Intereses Universitarios de Santiago de Compostela			
Sociedade de Promoción de Iniciativas Innovadoras, S.L.			
UNINOVA S.L.			
Corporación Universidade da Coruña, S.L.			
Fundación Universidade da Coruña			
Fundación Universidade de Vigo			
Fundación USC deportiva			

## V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES

### V.1. CÁMARAS DE COMERCIO

No seguinte cadro móstrase o cumprimento da obrigaón de rendición de contas das cámaras de comercio:

**Cadro 8 :Relación de cámaras**

Cámara	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
A Coruña			
Ourense			
Pontevedra			
Santiago			
Tui			
Vigo			
Vilagarcía de Arousa.			
Consello Galego de Cámaras			
Ferrol			
Lugo			

### V.2 CONFRARÍAS DE PESCADORES

No seguinte cadro móstrase o cumprimento da obriga de rendición de contas das confrarías de pescadores e das federacións provinciais das confrarías que renderon as súas contas de maneira directa:

**Cadro 9: Relación de confrarías**

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
<b>CORUÑA A</b>			
Aguiño-Carreira			
Ares			
Barallobre-Fene			
Barqueiro O-Bares			
Cabo de Cruz			
Caión			
Camariñas			
Camelle			
Cariño			
Cedeira			
Corcubión			

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Corme			
Espasante			
Ferrol			
Fisterra			
Laxe			
Lira-Carnota			
Lorbé			
Malpica			
Mera			
Miño			
Mugardos			
Muros			
Muxía			
Noia			
Palmeira			
Pindo O-Carnota			
Pobra do Caramiñal			
Pontedeume			
Porto Son			
Portosín			
Rianxo			
Ribeira			
Sada			
Federación Galega de Confrarías			
Federación Provincial A Coruña			
<b>LUGO</b>			
Burela			
Celeiro			
Foz			
Ribadeo			
San Cibrao			
Vicedo O			
Federación Provincial Lugo			
<b>PONTEVEDRA</b>			
Aldán-Hio			
Arcade			
Baiona			
Bueu			
Cambados			
Campelo Lonxa A.I.E. (Poio)			
Cangas do Morrazo			

## Informe sobre as contas rendidas no ano 2015 correspondentes ao exercicio 2014

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Carril			
Grove O			
Garda A			
Illa de Arousa.			
Lourizán			
Marín			
Moaña			
Pontevedra			
Portonovo			
Raxó-Poio			
Sanxenxo			
Vigo			
Vilanova			
Vilaboa			
Vilaxoan			
Federación Provincial Pontevedra			
Redondela			

### V.3. OUTRAS ENTIDADES

Respecto doutras entidades sometidas á obriga de rendición é necesario sinalar que non foron rendidas as contas dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario que teñen a consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

### VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS

Na dirección electrónica <http://www.ccontasgalicia.es/>, atópase un resumo das contas rendidas en 2015 correspondentes ao exercicio 2014.



**DILIXENCIA:**

Para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión do día 13 de xullo de 2016.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2016

O secretario xeral accidental,

  
Consello de Contas de Galicia  
SECRETARÍA XERAL

Manuel J. Santana Suárez